

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE XANEIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 3 de xaneiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de decembro de 2017, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D. Antonio Vivero Mijares (asiste ao punto 14b)
D. Aurelio Adán Fernández (asiste aos puntos 2 e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 18 de decembro de 2017**

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 21 de decembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

c) Acta da sesión do 28 de decembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:



a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
3. C.D. INDEPO, S.L.*
4. HIDROMIÑO, S.L.*
5. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
6. ORESA, S.L.
7. COPCISA, S.A.
8. EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
9. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.
10. CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
11. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)
12. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.).
13. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
14. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

* Pertencen ao mesmo grupo de empresas.

b) Outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%): deberá achegar o compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatario, asinado polos apoderados de cada unha das empresas (artigo 24.2 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
2. ORESA, S.L.
3. COPCISA, S.A.
4. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.
5. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:57	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA14F-C6DAC1-3A4E5D-BC4ZP6-XZCVA6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)
7. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
8. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.
9. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
10. NAROM, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.
 2. ORESA, S.L.
 3. COPCISA, S.A.
 4. EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTALS, S.L.U.
 5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 6. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.
 7. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)
 8. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)
 9. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.
 10. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 11. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)

Non se trata porque a Mesa acordou conceder un prazo á UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:57	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA14F-C6DAC1-3A4E5D-BC4ZP6-XZCVA6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Recurso especial presentado contra os pregos do procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción dos proxectos de construción das gradas de Gol e Marcador, aparcadoiro subterráneo e proxecto refundido de Balaídos (5.036-440)

Dáse conta do citado recurso. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local aprobou o informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2017.

b) Recurso especial presentado contra a exclusión de un licitador no procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

Dáse conta do citado recurso. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local aprobou o informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:57	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA14F-C6DAC1-3A4E5D-BC4ZP6-XZCVA6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		